

CRITA

O berce das arelas

12.08.2008 A escritora Chelo Suárez reivindica o amor como un dos fundamentos da existencia no seu primeiro poemario, "Corpo de mar"

M. DOPICO . SANTIAGO

Corpo de mar./ Ti, principio e voz./ Berce de todas as arelas.../ Sima oceánica/ orgasmo/ de líquida agonía/ veño a caer en ti/ ánfora núa./ Invádeme. /Invádeme. /Lévame./ Arrastrada/ por todas as mareas. A escritora Chelo Suárez volve, con versos coma estes, rebordar sensualidade en Corpo de mar, (Espiral Maior), o seu novo libro.

Tras darse a coñecer coas novelas A venus de Cristal, finalista do Premio Xerais no 2006, e Os milagres de Cristamar, gañadora do IV Premio de Literatura Erótica Narrativas Quentes, de Edicións Positivas, a autora coruñesa leva, nesta nova obra, -o seu primeiro poemario publicado-, cara ao cumio a expresión da súa imaxe do amor.



Chelo Suárez é autora de dúas novelas que foron publicadas neste ano cun notable éxito

"Quixen reivindicar o amor. Todo tipo de amor: o do mar coa muller, o de Safo, o que xorde entre mulleres, entre homes, entre un home e unha muller... Sen propoñerme, escribín como unha triloxía, con este libro e as dúas novelas. Tres obras que teñen en común, sobre todo, a sensualidade e a beleza. Non sei escribir sen lírica. Sempre me respaldo na lírica, aínda que estea a contar cousas moi fortes...", comentou nunha entrevista.

En Corpo de mar, algúns poemas, -que aparecen intercalados con ilustracións do escultor Pablo Sáinz, - adoptan a forma daquilo que recrean: as ondas do mar, a cruz formada polos amantes... O verso é libre, e a linguaxe sinxela, honesta e coidada. "Á xente gústalle os poemas, que parece que teñen algo que enche ao lector... Son moi amante dos caligramas, por iso fixen poemas con formas... É un libro sinxelo, pero que está ben. Non é nada e é moito á vez. Algúns poemas son moi curtiños, case como haikus. Fun escribindo o libro tal como me viñan os poemas á mente, como un refacho... A poesía ten que vir así, non é sentar diante do ordenador como coa narrativa. A estrutura do poemario tamén é froito da espontaneidade", explicou.

No libro, a natureza serve como metáfora do amor: o mar, o aire, o lume, a terra... "A natureza, que está tan unida a nós, está chea de sensualidade. Todo está facendo o amor con todo. A choiva fecunda a terra, o lume é ardentía..., hai moitos elementos que están no sexo", subliñou a autora.

Os versos deixan albiscar unha idea de total unión coa terra, como a comunión absoluta entre dous seres que pode ser un dos significados do amor. "Si hai un sentido de comunicación total. A unión entre dúas persoas é do máis perfecto que pode haber na natureza. O amor é fundamental na nosa existencia", aclarou.

O poemario vai mudando de voz para remitir o lector a distintas castes e dimensións do amor. "O amor pode ser claudación, entendida como entrega, darse un ao outro sen esperar máis", lembrou a autora, para quen "a unión entre dous seres non pode darse sen alma. Se non non é máis que unión entre corpos, un xeito animal de facer algo...".

Palabra e luz son, tamén, para Chelo Suárez, elementos ineludibles do amor. "A palabra é intermediaria. Ao amarse, todo é deslumbre, luz, non hai nada mellor que iso, o abandono total, como caer nunha sima inexistente...", dixo.

O CONTIDO

"Protesto contra as situacións nas que a muller non ten liberdade"

Pero non todo é cousas fermosas en Corpo de mar. O libro refírese, por exemplo, ao xeito no que unha muller se sente utilizada, prostituída, polo feito de ser usado o seu corpo como medio para satisfacer un desexo brutal, de pura animalidade. Tamén remite á dor dunha muller violada, usada como un obxecto, un recipiente...

En conexión co anterior, o libro presenta, e aínda que por veces poida parecer que non, unha imaxe dos roles de xénero que entra en contradición coa tradicional. "Nun poema dise que unha muller o aprendeu todo sen el. Como un xeito de protestar contra as situacións nas que a muller non ten acceso á liberdade do amor. Amar está ben, sempre que haxa liberdade e sexa algo aceptado voluntariamente polas partes, sexan dous homes, dúas mulleres... O pracer non é pecado. Non me gusta que a xente tente xulgallo todo...", apuntou a autora.

Pecha o libro un poema da unión do mar e unha muller. "No mar, as ondas acaríñante, o mar dache arremetidas... Comparo a espuma co esperma, a cuncha coa muller... como a Venus de Botticelli, que sae dunha cuncha... A pintura, como a música, sèrveme de fonte de inspiración...", afirmou.